

A educación como proxecto comunitario

Acabou o tempo en que a familia se ocupaba, case en exclusividade, da educación dos rapaces e á escola se lle pedía que proporcionase os coñecementos necesarios para gobernarse durante a súa existencia. Na actual sociedade do coñecemento, cambian as formas de vida e de relación, ao tempo que emerxen novas necesidades socioeducativas que precisan da participación doutros sectores da sociedade.

Neste novo contexto, os concellos teñen un papel fundamental ao ser a Administración máis próxima aos cidadáns, os que coñecen as súas necesidades e, polo tanto, quen se atopa nas mellores condicións para liderar, coordinar e xestionar os recursos e programas que contribúen a un mellor desenvolvemento da poboación.

A maior esixencia na formación dos nosos nenos e mozos pidenos reforzar a educación formal, pero isto non abonda, se a medida non vai acompañada dun proxecto no que os distintos ámbitos e axentes compartan unha mesma filosofía e se apoiem no diálogo e na colaboración.

Unha educación de calidade significa dotar o alumnado de estratexias e recursos que lle permitan renovar e adaptar os seus coñecementos ás mudanzas que deberá afrontar ao longo da súa vida, participar na sociedade de maneira crítica e responsable, ser capaz de resolver os problemas que se lle presenten, vencer a frustración e, en definitiva, aprender a convivir nun mundo diverso e democrático. Son os retos aos que debe facer fronte a escola do século XXI e dificilmente os poderá conseguir se permanece illada, se non derruba os muros e se abre á comunidade para promover iniciativas sociais e culturais, e traballar en común con outras institucións.

Cómpre, xa que logo, franquear as portas dos centros para mellorar o coñecemento, desenvolver hábitos de traballo e de vida, ofrecer máis oportunidades aos máis desfavorecidos e responder así aos principios de equidade e calidade recollidos na LOE. Con esta intención, a Administración educativa e os concellos poñen en marcha o Programa de apertura dos centros fóra do horario escolar.

A iniciativa crea expectativas moi interesantes porque nos sitúa na vía que entende a educación como un compromiso global e integrado na armazón social, unha concepción que dende hai anos veñen reclamando os expertos, ante a evidencia de que a escola en si non pode soportar as esixencias educativas dun mundo complexo e con ritmos tan acelerados.

Oxalá esta colaboración se converta nunha onda imparable que mobilice, non só a escola, as familias e os concellos, senón tamén os veciños, o barrio, a cidade e, por suposto, os medios de comunicación, que tanto inciden na formación da infancia e da xuventude.

Gena Borrajo

Directora de Eduga

sumario



1 editorial



2 axenda



4 foro

A riqueza xeolóxica de Galicia ben vale unha materia

M^a. Mercedes R. Ruibal

Comedores escolares, lugares para educar

Julia de la Montaña / Francisco García de la Montaña

Por que se nos resiste a aplicación das novas tecnoloxías na aula?

Alicia Eizaguirre Santillán



8 nomes propios

Jesús Rodríguez Jares

Gena Borrajo



15 opinión

Aprender fóra do horario



26 reportaxe

Ames, un concello que educa

Gena Borrajo



34 actualidade

Galicia

España

Europa **Emilia Seoane Pérez**

Internacional



58 entrevista

Lola Abelló


Lourdes Martí Soler



66 a nosa escola

A cultura escolar popular e as escolas de ferrado

Narciso de Gabriel



73 experiencias

Aprendizaxe cooperativa na universidade


Iván Area Carracedo / Alberto Martín Méndez

Avaliación da práctica docente

Guillermo Brea González / Dolores Álvarez Pereira / Gabriel Sánchez Crespo

Cousas da infancia, unha mostra fotográfica

Jorge Lens Leiva / Alberto Dafonte Gómez / Jesús Pérez Seoane



88 investigación

As tecnoloxías na escola, estudo dunha realidade

María del Pilar Vidal Puga



94 que é

Confapa - Galicia



96 mediateca



103 lexislación